

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o consentimento informado:

- A) Será verbal, por regra xeral.
- B) Será por escrito, por regra xeral.
- C) Será por escrito nos casos de intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.
- D) As respostas a) e c) son correctas.

2. Segundo o artigo 31 da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, correspóndelle a:

- A) Dirección Xeral de Saúde Pública.
- B) Servizo Galego de Saúde.
- C) Consellería de Sanidade.
- D) Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

3. De conformidade co artigo 36 da Lei 31/1995, correspóndelle exercer un labor de vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais a:

- A) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- B) A Comisión de Seguridade e Saúde no Traballo.
- C) Os Delegados de Prevención.
- D) Ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

4. Segundo o artigo 43 da Constitución Española, compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública, a través de:

- A) Medidas preventivas.
- B) Prestacións.
- C) Servizos.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

5. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal fixo efectuarase con carácter xeral:

- A) Polo procedemento de concurso de méritos.
- B) Polo procedemento de oposición.
- C) Polo procedemento de concurso–oposición.
- D) Polo procedemento de libre designación.

6. De conformidade co artigo 4 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, realizarase:

- A) Polos sistemas de selección de persoal, de promoción interna e de mobilidade.
- B) Polos sistemas de selección de persoal e interinidade.
- C) Polos sistemas de selección de persoal e substitución.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

7. Segundo o artigo 51 da Lei 55/2003 do Estatuto Marco, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre a fin dunha xornada laboral e o comezo da seguinte de:

- A) 8 horas.
- B) 10 horas.
- C) 12 horas.
- D) 14 horas.

8. De conformidade coa Lei 14/1986 Xeral de Sanidade é competencia exclusiva do Estado:

- A) A organización e xestión dos sistemas de vixilancia en saúde pública.
- B) O control sanitario dos produtos relacionados co uso e consumo humanos.
- C) A autorización de instalación e funcionamento de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- D) A sanidade exterior.

9. De conformidade co artigo 10 do Estatuto de Autonomía para Galicia, exercer a potestade legislativa da comunidade autónoma é unha función de:

- A) Do presidente do Parlamento de Galicia.
- B) Da Xunta de Galicia.
- C) Do presidente da Xunta de Galicia.
- D) Do Parlamento de Galicia.

10. De conformidade co artigo 5 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo a:

- A) A función desenvolvida.
- B) Ao tipo do seu nomeamento.
- C) Ao nivel do título esixido para o seu ingreso.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

1. Segundo o artigo 67.1 da Lei 55/2003 do Estatuto Marco: que requisito esixirase ao persoal estatutario para solicitar unha excedencia voluntaria?

- A) Será preciso prestar servizos efectivos no Servizo Galego de Saúde durante os 2 anos inmediatamente anteriores.
- B) Será preciso prestar servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os 2 anos inmediatamente anteriores.
- C) Será preciso prestar servizos efectivos no Servizo Galego de Saúde durante os 5 anos inmediatamente anteriores.
- D) Será preciso prestar servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os 5 anos inmediatamente anteriores.

2. Sinala cal NON é un dereito dos contemplados no Título III da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais:

- A) Dereito de acceso.
- B) Dereito á portabilidade.
- C) Dereito á transferencia.
- D) Dereito á limitación do tratamento.

